

Convocatoria da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Recursos Humanos para o día 17 de abril de 2024.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión do 22 de marzo de 2024, durante o mandato 2023-2027 a Comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos en sesión **ordinaria**, para o **día 17 de abril de 2024**, ás 16:50 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2024/21K/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 13 de marzo de 2024.

2. 2024/5155A PRESIDENCIA

Delegación na Deputación provincial de Ourense das competencias do Concello de Punxín en materia de recadación executiva dos gastos derivados de execucións forzosas dos artigos 99 e 100 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e do Imposto sobre construción, instalación e obras (ICIO).

3. 2024/5436P PRESIDENCIA

Aprobación do expediente de modificación de créditos do orzamento vixente do INORDE 1/2024 (autorización de suplemento de crédito e concesión de créditos extraordinarios).

4. 2024/5389F PRESIDENCIA

Aprobación do expediente de modificación de créditos do orzamento vixente da

Deputación Provincial de Ourense 1/2024 (autorización de suplemento de crédito e concesión de créditos extraordinarios).

5. MOCIÓN DE URXENCIA.

6. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.